

Acórdase a súa remisión á autoridade laboral co obxecto do seu rexistro e posterior publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP. Autorízase a Patricia Vázquez Prada para levar a cabo as xestións necesarias.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás trece horas do día arriba indicado.

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Resolución do 11 de xaneiro de 2005 pola que se aproban os acordos do consello de dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, a través dos cales se delegan competencias no seu presidente, nos procedementos de asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario e de avaliación e informe previo á contratación para determinadas figuras de profesorado universitario.

O Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, establece no seu articulado que a asignación destes complementos exixirá a valoración previa positiva dos méritos en que se sustentan pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (desde agora ACSUG) e, en concreto, establece que, dentro da ACSUG, corresponderalle á Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (desde agora CGIACA) o estudo, análise, comprobación, verificación e certificación do establecido neste decreto e o consello de dirección da ACSUG fará súas as propostas motivadas e vinculantes da referida comisión.

Por outra banda, o Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, establece, en relación ao procedemento de avaliación ou informe previo á contratación das figuras de profesor contratado doutor, profesor axudante doutor, profesor colaborador e profesor de universidade privada, que o consello de dirección da Axencia fará súas as propostas motivadas e vinculantes de informes ou avaliacións elaboradas pola CGIACA.

Tendo en conta o establecido nestas disposicións, e coa vontade de abreviar os prazos de tramitación destes procedementos, de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o disposto no artigo 20.1º.cuarto, dos estatutos da ACSUG (pu-

blicados a través da Resolución do 12 de marzo de 2001, da Dirección Xeral de Universidades), no que se establece que ao presidente do consello de dirección da axencia lle corresponden, entre outras, as funcións que lle sexan encargadas expresamente polo referido consello, este, nas súas respectivas xuntanzas do 5 de maio de 2004 e do 22 de decembro de 2004, acordou delegar as competencias, que ten atribuídas nos procedementos anteriormente citados, no seu presidente.

Estas delegacións de competencias, segundo o teor do establecido no número 3º do artigo 13 da Lei 30/1992, se deben publicar no *Diario Oficial de Galicia*, polo que, unha vez reunido o consello de dirección, na súa virtude

DISPOÑO:

Artigo único.-Acórdase a delegación no presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia das seguintes competencias que corresponden ao consello de dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia:

a) A establecida na disposición adicional primeira do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, pola cal o presidente do consello de dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia fará súas as propostas motivadas e vinculantes elaboradas pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación a que se refire o título III deste decreto.

b) A establecida no artigo 13 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, en relación á avaliación ou informe previo á contratación das figuras de profesor contratado doutor, profesor axudante doutor, profesor colaborador e profesor de universidade privada, pola cal o presidente do consello de dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia fará súas as propostas motivadas e vinculantes dos informes e avaliacións elaboradas pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación a que se refire o título III deste decreto.

Disposición derradeira

Este acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2005.

Manuel Cecilio Díaz y Díaz
Presidente do consello de dirección da Axencia
para a Calidade do Sistema Universitario de
Galicia

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 18 de xaneiro de 2005 pola que se modifica a composición do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D).

Presentada renuncia por Andrés Castro Bande, como presidente suplente do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), nomeado pola Orde do 16 de novembro de 2004 (DOG nº 224, do 17 de novembro), modificada pola Orde do 29 de novembro de 2005 (DOG nº 233, do 30 de novembro), de conformidade co establecido na base III.4 da orde de convocatoria do referido proceso selectivo, esta consellaría

DISPÓN:

Primeiro.-Aceptar a renuncia de Andrés Castro Bande como presidente suplente do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D).

Segundo.-Así mesmo, esta consellaría dispón o nomeamento de:

-Adela Quinzá-Torroja García, subdirectora xeral de Xestión de Persoal, como presidenta titular do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D).

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2005.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

Resolución do 17 de xaneiro de 2005, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 16 (conductor/conductora) do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola que se fan públicas as puntuacións do primeiro exercicio da fase de oposición.

En sesión do día 17 de xaneiro de 2005, o tribunal designado pola Orde do 16 de novembro de 2004 para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 16 (conductor/conductora) do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, quenda de acceso libre e promoción interna convocado polas ordes do 19 de decembro de 2003 (*Diario Oficial de Galicia* nº 252, do 30 de decembro),

ACORDOU:

1. Anular as preguntas número 6 e 22 correspondentes ao primeiro exercicio da fase de oposición,

sistema de acceso libre, substituíndoas polas preguntas de reserva números 1 e 2, equivalentes a 51 e 52 do modelo de corrección.

2. Anular a pregunta número 15 correspondente ao primeiro exercicio da fase de oposición, sistema de promoción interna, substituíndoa pola pregunta de reserva número 1, equivalente a 51 do modelo de corrección.

3. Desestimar as reclamacións realizadas ás preguntas número 3, 11, 14, 15, 17, 18, 19, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 36, 37, 40, 41, 42, 43 e 46 correspondentes ao primeiro exercicio da fase de oposición, sistema de acceso libre.

4. Desestimar as reclamacións realizadas ás preguntas número 23, 29 e 37 correspondentes ao primeiro exercicio da fase de oposición, sistema de promoción interna.

5. Revisado o cadro de respostas acordouse a corrección dos erros detectados nas respostas:

-Pregunta nº 35 de acceso libre: resposta correcta é a que figura coa letra d.

-Pregunta nº 36 de promoción interna: resposta correcta é a que figura coa letra d.

6. Facer públicas as puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao primeiro exercicio da fase de oposición da categoría 16 (conductor/conductora), sistema de acceso libre e quenda de promoción interna, que se atopan expostas no taboleiro de anuncios da Feira Internacional de Galicia en Silleda, no Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellaría da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, así como na páxina web www.xunta.es.

7. De conformidade co disposto na base II.2.1 a) da convocatoria de acceso libre, superaron o primeiro exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de dez (10) puntos na proba, fixándose en trinta e catro (34) o número de respostas correctas para obter esta puntuación, unha vez feitas as deducións previstas na citada base.

Igualmente, no caso da quenda de promoción interna e de conformidade co disposto na base II.2.2 a) da convocatoria, superaron o primeiro exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de dez (10) puntos na proba, fixándose en trinta e catro (34) o número de respostas correctas para obter esta puntuación, unha vez feitas as deducións previstas na citada base.

8. Os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas en relación coa puntuación acadada no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2005.

Ramón Herbelo Alonso
Presidente do tribunal IV-G